

PLAN ANUAL DE LECTURA 2023/2024



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S. Fin do Camiño
Rúa do Voluntariado, 18
15155 - Fisterra (A Coruña)
Tf - 881 960 528 · Fax - 881 960 534
e-mail - ies.findocamino@edu.xunta.es

ÍNDICE

1-INTRODUCIÓN.....	4
2- ANÁLISE E AVALIACIÓN DA LECTURA NO CENTRO.....	5
Hábitos lectores e uso da biblioteca escolar entre o alumnado do centro.....	5
Uso da biblioteca escolar e os seus recursos entre o profesorado do centro.....	6
Estatística de préstamo.....	7
Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar.....	7
3- OBXECTIVOS.....	9
4-ACTIVIDADES DE FOMENTO DE HÁBITOS DE LECTURA.....	9
Actividades propostas polo equipo de apoio á biblioteca escolar.....	9
Actividades propostas polos diferentes Departamentos Didácticos.....	12
5-ITINERARIOS LECTORES.....	28
Bioloxía / Física e Química.....	28
Ciencias Sociais – Xeografía e Historia.....	32
Educación Física.....	35
Educación Plástica e Visual.....	36
Lingua e Literatura Castelá.....	37
Lingua e Literatura Galega.....	38
Lingua estranxeira – Francés.....	45
Lingua Estranxeira – Inglés.....	46

Matemáticas.....	48
Música.....	49
Orientación.....	50
Tecnoloxía.....	54
6-CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	56
ANEXOS.....	57

1-INTRODUCIÓN

Na elaboración do presente Plan Anual de Lectura tratamos de sistematizar unha serie de accións destinadas ao fomento da lectura, a escritura, e as habilidades no uso, no tratamiento e na producción da información, en apoio da adquisición das competencias clave, sobre todo, da competencia en comunicación lingüística, segundo recolle a *ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.*

Nun primeiro momento, analizamos e avaliamos a situación da lectura no centro, e ata que punto o noso alumnado tiña acadado un nivel óptimo de competencia en comunicación lingüística. Para isto seguimos tres vías: por unha banda, a través de enquisas realizadas entre o alumnado para intentar determinar os seus hábitos lectores; por outra, enquisas entre o profesorado para coñecer as prácticas de uso da biblioteca escolar e de fomento da lectura; por último, observando a situación actual da biblioteca escolar e as estatísticas de préstamo.

Comprendida a situación de partida, establecemos uns obxectivos e incluímos diferentes actividades de fomento da lectura, propostas polo Equipo de apoio á biblioteca escolar e polos distintos Departamentos Didácticos, intentando determinar en que grao as actividades programadas podían axudar a acadar as competencias básicas, principalmente a competencia en comunicación lingüística.

A continuación, estableceronse itinerarios lectores que incluían as suxestións aportadas polos diferentes Departamentos Didácticos.

Finalmente, concretamos uns criterios e procedementos de avaliación para o presente Plan de Lectura.

2- ANÁLISE E AVALIACIÓN DA LECTURA NO CENTRO

O IES Fin do Camiño conta no curso 2023/2024 con 58 alumnos e alumnas, organizados en cinco grupos: un grupo de 1º da ESO, un de 2º da ESO, un de 3º da ESO, un de 4º da ESO e un grupo de 4º PDC.

En canto ao profesorado, no curso 2023/2024 o claustro está constituído por 15 profesores e profesoras.

Tomando como punto de partida para o presente Plan Anual de Lectura os datos facilitados pola memoria da biblioteca elaborada a finais do curso pasado, temos os seguintes resultados:

Hábitos lectores e uso da biblioteca escolar entre o alumnado do centro.

- A procedencia dos libros que o alumnado adoita ler é:
 - biblioteca escolar: 83,1%.
 - propio: 15,3%.
 - amigos/as: 1,6%.
- A frecuencia coa que o alumnado acode á biblioteca escolar do centro:
 - case todos os días: 25,8%.
 - unha ou dúas veces á semana: 22,7%.
 - unha ou dúas veces ao mes: 24,2%.
 - algunha vez durante o curso: 25,8%.
 - nunca: 1,5%.
- A porcentaxe de alumnado que sabe como están ordenados os libros e outros materiais na biblioteca é dun 71,2%.

- A porcentaxe de alumnado que leva libros en préstamo é dun 92,4%.
- O tipo de material que o alumnado acostuma levar en préstamo é:
 - libros de lectura obligatoria en determinadas materias: 83,3%.
 - libros que lles gustan: 13,6%.
 - libros para realizar traballos de clase: 3,1%.

Uso da biblioteca escolar e os seus recursos entre o profesorado do centro.

- A frecuencia coa que o profesorado utiliza os recursos da biblioteca para o seu labor docente é:
 - Acotío: 60%.
 - Ás veces: 33,3%.
 - Case nunca: 6,7%.
- A porcentaxe de profesorado que utiliza o equipo ou material audiovisual da biblioteca co seu alumnado é dun 73,3%.
- A porcentaxe de profesorado que utiliza os ordenadores da biblioteca co seu alumnado é dun 60%.
- Un 93,3% do profesorado promove a utilización do servizo de préstamo de libros relacionados coa súa materia entre o seu alumnado.
- Un 93,3% do profesorado utiliza o servizo de préstamo de material da biblioteca a nivel persoal.
- Un 73,3% do profesorado colaborou coas súas suxestións na adquisición de material para a biblioteca.
- Un 60% do profesorado colaborou na organización ou posta en marcha de actividades levadas a cabo dende ou na biblioteca.

Estatística de préstamo

Ao longo do curso 2023/2024 (ata o día 31 de maio de 2023) o número total de préstamos foi de 589 exemplares, todos eles de material textual.

Recursos materiais e humanos: situación da biblioteca escolar.

A biblioteca do IES Fin do Camiño comezou a funcionar no curso académico 2000/2001. Está situada no primeiro andar do edificio, ao carón do ascensor. A sala, de 70 m², dispón de 34 prazas de lectura, que se consideran suficientes, tendo en conta a pequena dimensión do centro. Posúe un mobiliario específico, con seis mesas, vinte vitrinas das que se retiraron as portas hai uns anos, dúas estanterías abertas divididas en vinte andeis unha delas e oito andeis a outra, tres expositores murais para revistas, un expositor con rodas, un atril e un pequeno taboleiro para expoñer a información relacionada coa biblioteca: normas de préstamo, gañadores de concursos, novedades, actividades culturais da comarca. En canto á presencia das tecnoloxías da información e a comunicación, a biblioteca está dotada con sete ordenadores con conexión á Internet, seis deles ao servizo do alumnado, un proxector multimedia, equipo de son axeitado, reprodutor de vídeo, DVD e unha pantalla eléctrica con mando a distancia de 305 x 243,5 cm.

Os fondos documentais atópanse na biblioteca, nas vitrinas e andeis xa mencionados clasificados por materias, e nos seminarios ou departamentos. O número de libros rexistrados e de exemplares multimedia (vídeos, DVDs e CD-rom) era de 11217 a finais de xuño de 2023. Todos teñen o selo do IES Fin do Camiño e un número de rexistro escrito a man na primeira páxina. O centro está subscrito a *I Love English*, *I Love English Junior*, *National Geographic*, *Historia National Geographic* e *Reportero Doc* todas elas rexistradas. Tamén está subscrito a varios xornais, mais ningún deles está destinado á biblioteca. O programa utilizado para a informatización dos datos da biblioteca é dende xaneiro do ano 2009 o Proxecto Meiga. O servizo de préstamo e devolución de

libros, así como o rexistro de novos exemplares, ten centralizado o seu control no ordenador da biblioteca destinado ao uso do profesor de garda ou ao encargado da mesma. Este servizo ofrécese ao alumnado durante todos os recreos, de 11:00 a 11:30, e está atendido polo profesorado de garda designado.

A persoa encargada da biblioteca do centro dispón de tres horas semanais para rexistrar novas adquisicións, organizalas no espazo da sala, comprobar o funcionamento do servizo de préstamo e devolución de fondos documentais, enviar información ao resto do profesorado, contactar con editoriais, escritoras e escritores.... .

Ata o curso 2009/2010 non existía un proxecto de dinamización e mellora da biblioteca nin plan específico de fomento da lectura, pola dificultade engadida dun cadro de persoal reducido que é necesario para atender as necesidades educativas do centro (gardas...). Estas necesidades facían que quizais non todas as persoas interesadas en formar parte dun posible equipo de apoio á biblioteca escolar puideran contar con horas de dedicación a ela no seu horario. Dende o curso 2009/2010 existe un Equipo de apoio á biblioteca escolar, formado durante o presente curso por dúas persoas de diferentes Departamentos: María Isabel Ulla Cela (Departamento de Orientación) e Cristina López Sanmartín (Inglés). Contan cunha hora de reunión semanal para o deseño e organización de actividades de dinamización da biblioteca, elaborar o plan de novas adquisicións, tendo en conta as carencias da biblioteca e as necesidades manifestadas polos distintos Departamentos e o alumnado, preparar o contido das mochilas viaxeiras que se poidan solicitar... Faranse cargo de dúas gardas de recreo na biblioteca e do Club de Lectura.

3- OBXECTIVOS

Os obxectivos que pretendemos acadar coa posta en marcha deste Plan de Lectura son os seguintes:

- Formar lectores competentes.
- Fomentar o hábito da lectura, en todo tipo de soportes e con todo tipo de finalidades.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas.
- Educar no uso crítico da información.
- Promover o uso da biblioteca escolar como recurso didáctico importante e como factor de compensación social, ofrecendo información a alumnado e profesorado en diferentes soportes para satisfacer as necesidades curriculares, complementarias e culturais.
- Impulsar a participación de toda a comunidade educativa, especialmente das familias, na tarefa de fomentar o hábito lector.

4-ACTIVIDADES DE FOMENTO DE HÁBITOS DE LECTURA

Actividades propostas polo equipo de apoio á biblioteca escolar

Cómpre distinguir dúas liñas de actuación dende a biblioteca do centro: a primeira abranguería actuacións de carácter xeral, comúns a todo o curso, e a segunda, actividades concretas, a maioría centradas nas diferentes conmemoracións celebradas durante o ano académico.

Actuacións de carácter xeral

- Blog da biblioteca [Biblioestremónias](#).
- Equipo de alumnado voluntario da biblioteca.
- Formación de usuarios: presentación da biblioteca escolar ao alumnado e profesorado de nova incorporación a principio de curso, explicándolle o sistema de préstamo e devolución de libros, a disposición dos fondos

documentais en diferentes soportes no espazo bibliotecario e as normas de uso dos ordenadores. Asemade, no taboleiro da biblioteca está exposto o xeito de acceder a través de Internet ao noso catálogo. O obxectivo é que o alumnado utilice de xeito autónomo a biblioteca do centro.

- Promoción do uso do espazo da biblioteca escolar e os seus recursos bibliográficos, audiovisuais e tecnolóxicos entre a comunidade educativa.
- Información periódica ao alumnado das novidades adquiridas pola biblioteca mediante carteis no vestíbulo do centro e entradas no blog da biblioteca.
- Información ao profesorado, mediante correo electrónico, do xeito de consultar a través de Internet o catálogo da nosa biblioteca (ligazón e titorial).
- Información ás familias, mediante a páxina web do centro, o blog da biblioteca e a reunión inicial tutores ou titoras-familias, do xeito de consultar a través de Internet o catálogo da nosa biblioteca (ligazón e titorial).
- Información das actividades culturais organizadas en Fisterra e concellos próximos no taboleiro da biblioteca (representacións teatrais, actuacións de contacontos, títeres, concursos de poesía, narración,...).
- Participación dos diferentes Departamentos didácticos na adquisición de novos fondos documentais para a biblioteca escolar.
- Consulta ao alumnado, a través de follas de suxestións nas aulas, das súas preferencias en cuestión de lectura, co fin de telas en conta á hora de adquirir material para a biblioteca.
- Ampliación do espazo adicado ao cómic, fomentando a lectura nun formato máis atractivo para o alumnado.
- Continuación coa iniciativa da Consellería de Educación “as mochilas viaxeiras”, como xeito de acadar a participación e a complicidade das

familias na formación lectora do alumnado.

- Continuar facendo socios e socias da biblioteca ás nais/pais que o soliciten.
- Exposición de fondos destinados ás familias relacionados coa adolescencia no vestíbulo do centro cando se celebre a reunión de familias-tutores ou titoras a principio de curso.
- Participación na revista escolar *Marusía*.
- Club de lectura aberto a alumnado e profesorado, con varios grupos. Os grupos reuniranse periodicamente (cada quince días) en horario extraescolar, preferentemente os luns ao mediodía para garantir que os alumnos que utilizan o transporte escolar poidan asistir, e/ou durante os recreos.
- Ofrecer todos os seus medios humanos e materiais ao servizo das actividades derivadas dos diferentes plans nos que está inmerso o centro: Club de Ciencia, Plan de Convivencia, Plan de Igualdade, CPIclúe, CPIInnova ...
- Dar a coñecer á comunidade educativa, a través do blog da biblioteca, o traballo relacionado coa cultura ou a busca e tratamiento da información realizado polo alumnado nas diferentes materias.

Outras actividades

- Visita co alumnado de 1º ESO á Biblioteca Municipal.
- Lectura de contos de terror e proxección de curtametraxes durante os recreos da semana adicada a celebrar Samaín.
- Participación no acto convocado polo Concello o 25 de novembro.
- No mes de xaneiro, durante as horas de titoría, o alumnado poderá asistir á proxección de curtas, proxección que irá seguida de debates para reflexionar sobre a violencia e a resolución pacífica de conflitos.
- Creación e exposición de *haikus* sobre a paz.

- Actividades centradas na figura de Rosalía de Castro a semana do 23 de febreiro.
- Actividades centradas no Día da Muller, celebrado o 8 de marzo: exposición de fotografías para promover que se valore o traballo da muller no rural ou creación dun vídeo.
- Semana da Prensa (9-13 de marzo). O alumnado utilizará xornais en diferentes soportes como fonte de información para a realización de tarefas diversas.
- Actividades centradas na celebración do Día da poesía.
- Visita dalgún libreiro ou libreira especializado en literatura xuvenil para conmemorar o Día do Libro Infantil e Xuvenil (2 de abril).
- Celebración do Día do Libro (23 de abril): “Photocall literario”, no que o alumnado e profesorado que o deseñe fotografarase cun libro que recomende, e lectura de álbuns ilustrados ao alumnado de Educación Infantil e Primaria por parte do alumnado do Club de lectura.
- Encontro con autores ou autoras dalgún dos libros lidos durante o curso polo alumnado do centro.
- Exposicións no vestíbulo do centro de libros e películas da nosa biblioteca relacionados con temas concretos e publicación de trípticos ou dipticos.
- Exposicións de novidades.
- Celebración do Día das Letras Galegas.

Actividades propostas polos diferentes Departamentos Didácticos

- **Departamento de Lingua e Literatura Galega**

O Proxecto Lector de Centro é unha das ferramentas para fomentar a destreza lectora do alumnado, tendo presente que a lectura é esencial, dado o seu carácter instrumental directo, para todo tipo de aprendizaxes no marco

académico e curricular das diversas áreas. Trátase, pois, de conseguir persoas lectoras competentes, capaces de interpretar, reformular, comunicar, valorar e emitir xuízos críticos sobre o que len.

Por outra banda, aínda que a adquisición de criterios e técnicas de lectura comprensiva non é responsabilidade exclusiva dos departamentos de linguas, non cabe dúbida de que temos unha implicación maior por canto os nosos métodos, ferramentas de traballo e materia de estudo se dirixen, entre outras, a esa destreza intelectual e a aqueloutras directamente relacionadas con ela (escrita, comentario e análise de textos, creación literaria etc.).

Por tanto, o Departamento de Lingua Galega e Literatura prevé levar a cabo medidas e actividades que potencien a capacidade e a comprensión lectora e que fomenten o hábito lector como fonte de gozo e enriquecemento persoal e como ferramenta para ampliar os coñecementos, afondar no léxico, afianzar aspectos gramaticais e mellorar a propia expresión e uso crítico da información obtida mediante a lectura; mais, ao mesmo tempo, o alumnado tamén accede ao patrimonio literario propio e traballa na normalización do idioma e na recuperación da cadea de transmisión lingüística, tan urxente nun idioma minorizado como o noso.

Así pois, desde o Departamento:

- articularanse actividades para desenvolver os contidos do currículo en base á lectura, ao comentario e á comprensión crítica de todo tipo de textos (literarios, administrativos, xornalísticos etc.) de acordo co nivel.
- levaranxe a cabo lecturas en voz alta, recitados e dramatizáções como estratexias de aprendizaxe lectora.
- realizaranxe actividades arredor de datas referenciais (o Día das Letras Galegas, o Día do Libro, o Día de Rosalía, o Día da Lingua Materna...), de exposicións referidas ás lecturas feitas polo estudiantado etc.
- levaranxe a cabo actividades extraescolares e complementarias como saídas ou visitas de escritoras/es en lingua galega.

- establecerase, para cada curso e nivel, unha listaxe de lecturas recomendadas en que se propoñerán obras de literatura xuvenil actual con temáticas variadas que teñan en conta os intereses do alumnado e outras que presenten algúns valores educativos (contidos transversais ou educación en valores) ou que sexan representativas das etapas da nosa literatura. Esta lista aparecerá no apartado de itinerarios lectores, mais poderase ver modificada en función do desenvolvemento da materia, dos fondos da biblioteca, dos intereses do alumnado (maior ou menor dificultade na lectura) ou das novas publicacións que vaian aparecendo.

Ademais, o estudiantado ten a opción de facer unha lectura obligatoria por trimestre que representa o 7 % na nota media trimestral e, en cuxa avaliación -oral ou escrita-, se valorará tanto a lectura do libro, a comprensión deste ou a análise dos elementos característicos do xénero en que se insire como a expresión á hora de realizar a proba de lectura, a opinión persoal ou a relación con outras obras e artes.

Por último, e como actividade voluntaria, o alumnado tamén poderá ler, polo menos, outro libro diferente aos obligatorios durante o curso sempre que a profesora así o indique. Esta tarefa voluntaria sumará até 0,50 puntos na media ordinaria, sempre e cando o estudiantado teña unha nota media ordinaria de 5 ou máis puntos e se demostrase ter lido os tres libros obligatorios.

● **Departamento de Lingua e Literatura Castelá**

Aínda que sexa un vello tópico, hai que subliñar a importancia da lectura como ferramenta no desenvolvemento do individuo como persoa. De feito vén

reflectido normativamente nos fins e principios da educación, así como nos obxectivos e entre os contidos da nosa materia. Desde Lingua Castelá e Literatura, temos contidos literarios inspiradores e un instrumento decisivo e versátil como é a lingua; pretendemos pois contribuír á construción da sociedade lectora. Queremos animar e forxar un hábito lector no noso alumnado, primando o goce de ler á par que o coñecemento e a cultura en xeral, que levará a unha mellor comprensión da realidade que nos rodea. Ao mesmo tempo, trabállanse competencias clave que redundan en mellores resultados académicos e actitudes de aprendizaxe.

Desde o departamento de Lingua Castelá e Literatura facemos diversas propostas ao longo do curso, comezando pola asignación dun libro obligatorio por trimestre, available mediante distintos procedementos –probas escritas, comentarios orais, traballos...–, e que serán requisitos básicos para aprobar, pois así se fai constar nos criterios de cualificación.

Respecto aos libros, propoñemos os seguintes títulos:

En 1º ESO, empregarase unha sesión semanal para o traballo das lecturas propostas, con lectura en voz alta, lectura silenciosa e actividades orais e escritas de comprensión lectora.

- *Momo*, de Michael Ende.
- *Una casa con encanto*, de Cristina Macía.
- *Los malos en Matemáticas son invisibles*, de Pedro Sorela.

En 2º ESO, as lecturas non serán feitas na aula, senón que serán os alumnos os encargados de ler durante o seu tempo de lecer.

- *Diez negritos*, de Agatha Christie.
- *Rebeldes*, de Susan E. Hinton.

- *Nunca seré tu héroe*, de María Menéndez-Ponte.

En 3º ESO, as lecturas serán feitas fóra da aula. Trátase de obras clásicas da literatura española, tratando de ofrecer un achegamento á historia da literatura como se prescribe na normativa curricular deste curso.

- *El Cid*, (anónimo).
- *Libro de Buen Amor*, Arcipreste de Hita.
- *Lazarillo de Tormes*, Anónimo.

En 4º ESO, as lecturas serán feitas tamén fóra da aula e as propostas de obras representativas da historia da literatura española son continuación do nivel anterior:

- *El sí de las niñas*, de Leandro Fernández de Moratín.
- *La casa de Bernarda Alba*, de Federico García Lorca.
- *El asesinato de Roger Akroyd*, de Agatha Christie.

Facemos paralelamente unha proposta de lecturas complementarias, sobre as que os alumnos poderán realizar actividades individuais ou grupais, como punto de partida para unha posta en común e recomendacións literarias entre iguais. A listaxe destas lecturas aparece no apartado *Itinerarios lectores*.

Cómpre destacar o apoio ao Proxecto lector tamén desde o desenvolvimento diario da nosa programación, posto que os textos están na base da maioría das tarefas, tales como: comprensión lectora, expresión oral e escrita, estudo do léxico, corrección ortográfica, etc. Botamos man de autores ligados á comarca (relatos breves, poemas e artigos periodísticos de Manuel Rivas, por exemplo), que empregan escenarios e contextos coñecidos polos estudiantes, vencellando así a realidade que os rodea coa vertente comunicativa que promulga a actual Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

● Departamento de Inglés

A comprensión escrita, xunto coa producción escrita, a comprensión oral e a producción oral, constitúen o conxunto de catro destrezas que unha persoa debe adquirir cando aprende unha lingua estranxeira. Dende o Departamento de Inglés inténtase contribuír á creación e consolidación de hábitos de lectura entre o alumnado para formar lectores competentes. Con esta fin, decidiuse adoptar libros de lectura obligatoria en todos os grupos, existindo exemplares suficientes na biblioteca escolar.

Os títulos elixidos son:

- 1º da ESO: *Gulliver's Travels*, editorial Burlington.
- 2º da ESO: *Cathy's Dreams*, editorial Burlington.
- 3º da ESO: *The Elephant Man*, editorial Oxford.
- 4º da ESO: *The Secrets of Silver Lake*, editorial Burlington.

Asemade, o alumnado poderá subir un punto en cada avaliación por un libro optativo lido, do que se lles examinará oralmente ou por escrito. A listaxe de libros obligatorios (xa mencionados) e optativos está incluída, por niveis, no apartado *itinerarios lectores* do presente Plan Anual de Lectura.

O alumnado realizará unha proba e/ou traballo sobre o libro de lectura obligatoria correspondente ao seu nivel, como xeito de comprobar o seu grao de comprensión escrita. A proba constará de tres seccións diferenciadas:

- A primeira sección centrarase no vocabulario clave do libro.
- Na segunda sección o alumnado ten que corrixir información falsa sobre a historia narrada no libro.
- Na terceira sección o alumnado contestará preguntas de comprensión da lectura.

O traballo intentará mellorar a competencia en comunicación lingüística, afianzando o novo vocabulario adquirido a través da lectura e revisando os

aspectos gramaticais traballados na aula, así como facer fincapé na cohesión e a coherencia ao redactar un texto. As actividades incluídas nel son:

- Facer un resumo da historia ou historias narradas no libro.
- Describir os personaxes principais que aparecen nas historias.
- Contestar preguntas de comprensión da lectura.
- Elixir outro título para o libro, razoando a súa resposta.
- Redactar outro final para a historia narrada.
- Realizar un cómic baseado na historia narrada no libro.
- Facer un booktrailer sobre o libro lido.

O alumnado con necesidades educativas especiais utilizará fragmentos concretos dos libros citados, con moito apoio visual, ou outros libros más axeitados ao seu nivel, para realizar tarefas sinxelas centradas, fundamentalmente, na comprensión e adquisición de novo vocabulario: unir palabras ou frases con viñetas, ordenar secuencias de viñetas segundo a orde na que se narran as accións reflectidas nelas no texto...

Asemade, o centro está subscrito a dúas revistas en inglés, *I Love English* e *I Love English Junior*, que se atopan na biblioteca e coas que se pretende fomentar a lectura como actividade propia do tempo de lecer, xa que conteñen información e reportaxes sobre actores, actrices, cantantes e deportistas populares entre os e as adolescentes, así como sobre aspectos da cultura anglosaxoa (Halloween, Thanksgiving Day...).

Existen, ademais, lecturas de todo tipo incluídas nas diferentes actividades propostas en E-DIXGAL, que se farán en voz alta durante as clases, e o alumnado ten acceso a información na lingua estranxeira utilizando diversas ferramentas tecnolóxicas.

● **Departamento de Francés**

En canto ao Proxecto lector, o departamento pon en marcha actividades e intervencións de carácter xeral.

- No ámbito da aula serán a través de:
 - Lecturas comprensivas diarias.
 - Lecturas guiadas de diferentes tipos de textos.
- No ámbito do departamento:
 - Potenciar a biblioteca como centro de recursos e elemento dinamizador da actividade lectora, fomentando o uso dos servizos bibliotecarios, préstamos de libros, de DVD, etc.

● **Departamento de Artes Plásticas**

A materia impartida por este Departamento, Educación Plástica, Visual e Audiovisual, contribúe principalmente ao desenvolvemento dos aspectos comunicativos da competencia lectora, entendendo que esta engloba a lectura de imaxes.

Contribución á mellora da capacidade de comprensión.

- Lectura obxectiva.
 - Imaxe documental: imaxe científica e fotoxornalismo.
 - Sistemas de representación.
 - Xeometría: figuras e construcións.
- Lectura subxectiva.

- Obras artísticas.
- Xeometría: Arte e decoración.

Contribución á mellora da capacidade de representación e producción.

- Pensamento converxente ou técnico.
 - Sistemas de representación.
 - Deseño: criterios funcionais.
 - Xeometría: construcción de figuras.
- Pensamento diverxente ou creativo.
 - Obras artísticas.
 - Deseño: criterios estéticos.
 - Xeometría: criterios estéticos.

Actividades na aula

Lectura, cando proceda, de contidos ao inicio dos temas: individual para os temas de maior dificultade ou densidade conceptual; e colectiva para os más lixiáns.

Realización dalgunhas construcións xeométricas por parte do alumnado seguindo os procedementos de xeito autónomo tal e como se expoñen habitualmente: procedemento en texto acompañado de imaxe explicativa: a exposición dos contidos conceptuais e razoamentos aplicados será posterior á recollida de cada un dos traballos.

Colaboración coa biblioteca

Compromiso de destinar parte dos recursos do Departamento para ampliar as coleccións de libros de Arte e cómics, así como a promoción das mesmas entre o alumnado. Esta materia contribúe principalmente a mellorar a lectura de imaxes entre os e as estudiantes.

As lecturas recomendadas aparecen relacionadas no apartado *itinerarios*

lectores.

● **Departamento de Música**

A propia metodoloxía utilizada polo Departamento de Música abrangue a utilización da lectura comprensiva, así como as lecturas en voz alta, os comentarios de texto, as postas en común, etc. Asemade incluímos lecturas recomendadas no apartado *Itinerarios lectores*.

● **Departamento de Ciencias Sociais – Xeografía e Historia**

O Departamento de Xeografía e Historia e Ciencias Sociais asume a lectura como un valor a potenciar e unha habilidade fundamental para acadar as competencias clave. Por este motivo realizaranse unha serie de lecturas de divulgación científica e literaria. Neste sentido utilizaranse os seguintes materiais de apoio á lectura na aula:

- Textos históricos de tipo político, social e económico.
- Textos literarios, con especial énfase no estudo da mitoloxía en 1ºESO.
- Textos historiográficos.

No nivel de 4ºESO farase un maior énfase no uso das fontes históricas a través dos textos, posto que se iniciará a materia nunha introdución aos comentarios de texto.

As lecturas recomendadas aparecen mencionadas no apartado *itinerarios lectores* do presente Plan Anual de Lectura.

● **Departamento de Física e Química**

A lectura constitúe unha actividade clave para a educación do alumnado e, seguindo a normativa vixente, incorpóranse dinámicas coas que se pretende fomentar o hábito e o interese pola lectura e coa capacidade de expresarse correctamente en público, concretamente:

- A través de actividades específicas na aula baseadas na lectura comprensiva de textos relacionados cos contidos dalgunha das unidades ou con noticias de divulgación científicas actuais.
- Promovendo o uso da biblioteca para a consulta de libros ou revistas que poidan ser de utilidade para o alumnado ou ben que sirvan para espertar o seu interese pola ciencia.
- Recomendando blogs, artigos ou textos divulgativos en formato dixital aos que se pode acceder a través da rede e que poden servir para ampliar contidos ou facilitar a comprensión dos temas traballados en clase.
- Recomendando a lectura complementaria dalgún libro directamente relacionado coa materia.

Os libros recomendados aparecen no apartado *Itinerarios lectores*.

● **Departamento de Bioloxía e Xeoloxía**

Dende o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía búscase fomentar a lectura de textos de divulgación científica en todos os niveis posto que este tipo de lectura preséntanse como unha opción para facer más amena a información que se lles dá nas clases, e darlle profundidade á mesma e más próxima á experiencia científica ao alumnado.

Os obxectivos que se marca o departamento con estas lecturas son:

- Exercitar o pensamento crítico: A divulgación científica móstranos que se debe ser crítico e moi escéptico co que se asegura como certo se non ben abalado polo método científico.
- Afastarnos dos bulos e enganos en xeral: Coa investigación científica e a súa propia divulgación, o alumnado pode encontrar ferramentas e coñecementos necesarios para non caer en fraudes, xa sexan medicinais, ideolóxicos ou de calquera outra área.
- Apoiar o traballo da xente de ciencia e despertar no alumnado o interese pola ciencia.

METODOLOXÍA:

Para logralo iremos traballando en cada curso e en cada trimestre cun par de libros que se adecúen ao temario en cada momento.

O alumnado irá lendo os capítulos que se lles mandará en clase e a través da aula virtual entregarán selles preguntas reflexivas que eles e elas terán que ir desenvolvendo e entregando nun determinado prazo.

Tamén se fará o mesmo coas noticias de actualidade relacionadas coa ciencia que vaian aparecendo nos xornais e revistas de divulgación.

En clase faranse debates das preguntas e dúbidias que vaian xurdindo.

En cada trimestre teñen que facer unha exposición oral dun tema de ciencia (baseado nun artigo científico, capítulo dun libro de divulgación científica...) esta tarefa suporá un 0.5 na nota final da materia.

As lecturas recomendadas aparecen relacionadas, por cursos, no apartado *itinerarios lectores*.

● **Departamento de Tecnoloxía**

Para todos os grupos:

- proposta de lectura voluntaria de libros.

As lecturas recomendadas aparecen relacionadas no apartado *Itinerarios lectores*.

● **Departamento de Matemáticas**

O desenvolvemento da comprensión lectora é un aspecto moi importante en Matemáticas, pois é unha materia que precisa de forma constante a comprensión de enunciados de diferente dificultade e de situacións que, en ocasións, resultan abstractas. O alumnado ten que ser capaz de identificar toda a información recollida nos enunciados ou problemas e ser quen de diferenciar os aspectos fundamentais daqueles que puideran ser menos importantes ou, simplemente, decorativos. Ademais, débese introducir de forma progresiva o uso da linguaxe matemática para a descripción verbal dos procesos e razoamentos matemáticos de forma precisa e rigorosa.

Moitas veces o alumnado fracasa na resolución de problemas pola súa incapacidade para comprender os enunciados ou a linguaxe matemática utilizada.

Por iso, dende o departamento de Matemáticas fíxase como obxectivo contribuír ao desenvolvemento da comprensión lectora a través das seguintes accións:

- Resolución de problemas con enunciado largo. Nos primeiros cursos da ESO prestarase especial atención á súa lectura, incluso de viva voz, e solo se tratará de atopar estratexias de resolución cando se comprenda correctamente o enunciado.
- Extracción das ideas principais ou datos fundamentais en problemas longos ou que requirian dunha fragmentación para mellorar a súa comprensión.
- Lectura de introducións históricas ou lecturas de episodios de libros relacionados coa unidade didáctica tratada.
- Elaboración de resumos de biografías de matemáticos ou matemáticas destacados, que poden estar relacionados co desenvolvemento dos contidos dalgunha das unidades de cada curso.
- Fomentar o uso da expresión escrita correcta, rigorosa, clara e precisa nas probas realizadas.
- Traballo con publicacións de prensa ou textos científicos que traten un tema que teña que ver coas Matemáticas ou que presenten contidos numéricos, de porcentaxes, estatísticos, xeométricos... que poden ser analizados na aula.
- Fomentar o uso da biblioteca para a lectura voluntaria de libros relacionados coas Matemáticas, tanto en galego como en castelán.

As lecturas recomendadas aparecen relacionadas no apartado *itinerarios /lectores*.

● **Departamento de Educación Física**

Os contidos teóricos refórzanse por medio de documentos dispoñibles na plataforma E-DIXGAL. O alumnado debe preparar estes contidos por medio

dunha lectura comprensiva durante cada avaliación. Na medida do posible unha parte do exame teórico versará sobre preguntas referidas a un texto relativo á materia disposta no proxecto educativo de área. Os exames teóricos terán unha parte de preguntas tipo test, que comprobarán a comprensión significativa da materia.

En cada avaliación o alumnado deberá traballar sobre artigos de revistas e publicacións de carácter deportivo. Desenvolveranse traballos grupais de comprensión e debate sobre a temática do texto.

Ao final de cada unidade didáctica abórdase a lectura dun texto relativo aos contidos curriculares tratados.

● **Proxecto Competencial**

A materia Proxecto Competencial contribúe principalmente ao desenvolvemento dos aspectos comunicativos da competencia lectora.

Contribución á mellora da capacidade de comprensión.

- Lectura obxectiva.
- Pensamento racional.
- Lectura subxectiva.
- Autonomía ideolóxica.

Contribución á mellora da capacidade de representación e producción.

- Pensamento converxente ou técnico.
- Realización de guións e esquemas de contido.
- Emprego da dialéctica e a oratoria.

- Pensamento diverxente ou creativo.
 - Aporte de solucións innovadoras a problemas éticos.
 - Emprego da retórica e a oratoria.

Actividades na aula.

Lectura, cando proceda, de contidos ao inicio dos temas: individual para os temas de maior dificultade ou densidade conceptual; e colectiva para os más lixiáns.

Elaboración de guións e esquemas —contando coa asistencia do docente durante o proceso— que contemple as liñas principais de pensamento e argumentación que se vaian a empregar no debate ou discurso posterior.

Colaboración coa biblioteca

Compromiso de destinar parte dos recursos do Departamento para ampliar as coleccións de libros, así como a promoción das mesmas entre o alumnado.

● **Departamento de Relixión**

Para o presente curso, dentro do marco do Proxecto Lector, tratarase de ler pasaxes da Biblia que, xunto co libro de texto, contribuirán ao fomento da lectura entre o alumnado.

5-ITINERARIOS LECTORES

Os libros propostos polos diferentes departamentos, nalgúns casos divididos por niveis, son:

Biología / Física e Química

Lecturas para 1º e 2º da ESO.

- *El futuro explicado a los niños*, Giovanni Bignami – Cristina Bellon.
Editorial Siruela.
- *70 preguntas curiosas sobre el mundo que nos rodea*, Martin Gent.
Editorial Siruela.
